

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de abril de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192.

Antecedentes:

O 8 de novembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 212 o Anuncio do 20 de outubro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192, de clave PO/21/195.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de abril de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderase formular recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo se poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2023

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de abril de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192, de clave PO/21/195.06, sen modificacións respecto ao trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de construción de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192, de clave PO/21/195.06.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Vilagarcía de Arousa, no cal se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

